

## IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

### **Anuncio da exposición pública da matrícula do IAE - Exercicio 2024**

A Axencia Estatal de Administración Tributaria puxo ao dispor da Deputación Provincial da Coruña a matrícula do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2024.

Esta matrícula está constituída, entre outros, polo censo comprensivo dos suxeitos pasivos non exentos do imposto e que exercen as súas actividades económicas no Concello de Sada.

O Concello de Sada delegou na Deputación Provincial da Coruña as facultades que a lei lles atribúe en materia de xestión tributaria e recadadora relativas ao dito imposto, de conformidade co disposto no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En cumprimento do sinalado no artigo 90 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 e no artigo 3 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do devandito imposto, a matrícula do imposto **ponse a disposición do público no departamento dos servizos económicos do Concello de Sada dende o día 11 ao 25 de abril de 2024.**

**As consultas da matrícula na Deputación realizaranse por medio de correo electrónico dirixido a [iae@dacoruna.gal](mailto:iae@dacoruna.gal) ou chamando ao teléfono 981 080 049.**

A inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou a alteración de calquera dos datos aos que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo dun mes que se conta desde o día inmediato seguinte ao da finalización do período de exposición pública da matrícula, o recurso potestativo de reposición ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que se poidan interpoñer simultaneamente ambos recursos (artigo 91 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigo 4 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

O alcalde, na data da sinatura dixital